

Extractos dos prefacios da obra de P. Leroy-Beaulieu *de la colonisation chez les peuples modernes*.

Fragmento do prefacio da primeira edición (1874)

A emigración, a toma de posesión dun solo novo, dunha terra virxe, non son suficientes para poder constituír, no verdadeiro sentido da palabra, a colonización. Esta, é algo máis grande e integra un elemento diferente. A emigración, é un feito indistinto, que pertence a todas as épocas da sociedade; a colonización é un feito reflexionado, sometido a unhas regras que só pode ser realizado por parte de sociedades moi avanzadas. Os salvaxes ou os bárbaros tamén emigran, ás veces, pero só os pobos civilizados colonizan. (...) Unha sociedade coloniza, cando consegue alcanzar un alto nivel de madurez e de forza; cando é capaz de procrear, protexer, e permitir que se dean as condicións adecuadas para o desenvolvemento e que unha sociedade nova chegue á virilidade¹ (...). A colonización é un dos fenómenos máis delicados e complexos da psicoloxía social.

Prefacio da cuarta edición (1891)

Cando en 1874, se publicou a primeira edición desta obra, a colonización non era, en toda Europa continental, a preocupación máis que de un pequeno número de persoas. Incluso a chegamos a desprezar, coma un anacronismo²; abandonámola a Gran Bretaña, como se a colonización fose o monopolio³ natural dunha potencia insular. O noso editor, confesábanos que este tipo de obras sobre a colonización, non tiñan gran demanda. Sen embargo, uns anos máis tarde, en 1872, a opinión pública comezaba a desprenderse desta ignorancia sistemática dos asuntos coloniais. A poboación comezaba a interesarse, non soamente en Francia, tamén en Alemaña e paulatinamente, en Italia. En Francia, comezamos a apreciar que, practicamente a metade do globo, vivía en estado salvaxe ou bárbaro, solicitando a acción metódica e perseverante da poboación civilizada. Hoxe en día (1891) a utilidade da colonización, non se discute. Existe un entusiasmo por ela, que non poderíamos ter previsto hai uns anos. Repartíndose África, ocupando todo o sur de

¹ Eran habituais as referencias á virilidade e á feminidade na linguaxe colonial. Os europeos considerábanse a si mesmos como a sociedade viril: fortes, dominantes, corpulentos; en contraposición con algúns pobos colonizados, sobre todo do sueste asiático que, ao ser a fisionomía dos seus habitantes pouco corpulenta e máis ben delgada e fibrosa, asociábanse coa debilidade que naquela época lle se atribuíu ás mulleres, sendo os pobos “effeminés” ou efeminados.

² Calquera feito, uso, costume, actitude etc., que non concorda co seu tempo senón que é máis propio doutra época que non é a súa.

³ Situación comercial na que unha empresa controla de maneira exclusiva o comercio dun determinado produto fixando os prezos.

Asia, e as bastas illas, aínda bárbaras, da mar das Indias, ou do Pacífico, Sumatra, Borneo, Nova Guinea, Madagascar, as nacións europeas enfrontáronse a unha ampla e difícil tarefa para todo o século XX. Elas (as nacións europeas) puideron suspender as súas loitas en Europa e satisfacer o seu gusto de aventura a través das exploracións, as explotacións, os fracasos, o éxitos, malamente comprados nos seus novos dominios, ata este momento, nominais. A fin do noso século, é testemuño deste fenómeno, para o que a historia non nos preparara; a colonización dende hai dez anos, parece ser a condición da paz en Europa: é a válvula pola cal a ambición política se libera, o desexo de conquistas e a inquietude dos pobos, busca tranquilizarse.

Para unha mellor comprensión do texto:

- a) En ambos texto obsérvase de forma clara e repetida (nos dous prefacios) un argumento central do colonialismo. Atópao e explícao coas túas palabras. Que cres que lles queren aportar os europeos aos pobos que colonizan?
- b) Que papel cres que xogou a opinión pública no colonialismo? Cres que podía estar manipulada polos poderes políticos e económicos? Cres que podía estar polarizada (unha parte a favor e outra en contra)?
- c) Por que cres que o autor di isto nas últimas liñas: “a colonización dende hai dez anos, parece ser a condición da paz en Europa”?